


A obra estrutúrase en dous bloques de seis partes e 68 capítulos. O primeiro bloque comprende tres partes moi reiterativas da pedagogía medieval: Importancia da aprendizaxe e do estudo (8 capítulos); Sobre o papel do profesor (13 capítulos), e Sobre a instrución do alumno (10 capítulos). O segundo bloque, estruturado en tres partes, constituía todo un tratado de psicoloxía cognitiva franciscana.

A presente edición de 520 pp., con texto paralelo en latín e en castelán, enriquecida con un extenso e cuidado aparato crítico conformado polas numerosísimas notas de rodapé, conscente da aparición no texto latino de 816 citas, vén antecedida por un igualmente coidado “Estudio preliminar” (pp. 5-208), no que se poñen de manifesto os máis notables aspectos biotopográficos, o contido substancial do conxunto da obra orixinal, o específico do texto que se edita, os trazos de estilo máis notados, o esclarecemento das fontes (bíblicas, patrísticas, autores antigos e medievais), o significado e proxección da obra, así como, por fin, a bibliografía que acompaña este Estudo, o moi valioso índice analítico, as obras citadas e a determinación dos acrónimos e das abreviaturas utilizadas.

Hai que destacar tanto a finura erudita como a rica hermenéutica presente neste estudo preliminar, logrando un texto sólido e terso na expresión, con factura sistemática e *more geométrica*, e de notable capacidade didáctica, que permite introducirse ao lector interesado no mundo do estudo, do saber e da espiritualidade cristiá do século XIII occidental.

Antón COSTA RICO
USC



CID GALANTE, Rosa (2014): *O Ensino Primario en Ourense no Primeiro Terzo de Século*. Ourense: Deputación provincial, pp 412

Rosa María Cid Galante, Licenciada e Doutora en Xeografía e Historia e Licenciada en Psicopedagogía, leva anos centrada na investigación da educación en Ourense e na educación da muller ourensá a comezos de século XX, sendo autora dunha tese sobre esta temática, ademais de ter realizado a primeira achega á Escola Normal de Mestras de Ourense.

Esta nova publicación, a cargo da Deputación Provincial de Ourense a finais do 2014, constitúe un estudo en profundidade do ensino primario en Ourense nuns tempos en que mellora lixeiramente a situación, cando o Ministerio asume as competencias centralizadas sobre o sistema educativo, pero a un ritmo mais lento do que demandan os novos tempos. Excepción a do curto período republicano en que se

dan pasos acelerados e de grande esperanza que foron logo desandados, despois do levantamento militar franquista, como nos ten mostrado en diferentes traballos o profesor Xosé Manuel Cid Fernández, sobre a propia realidade ourensá, ou outros autores sobre diferentes contextos de Galicia (Antón Costa, Porto Ucha, Narciso de Gabriel, Alonso Montero, X. "M. Malheiro, Sabela Rivas...).

O libro comprende sete capítulos nos que se vai explicando o nivel de alfabetización en Ourense; o proceso lexislativo da época e que provocou novas reestruturacións escolares; a evolución do número de escolas públicas e privadas e de adultos na provincia e a relación destas co establecido na Lexislación (A Lei Moyano e a súa adaptación en Galicia polo R.D de 1909) así como a densidade de centros escolares; as condicións da escolarización, estado do ensino e a actitude da sociedade ourensá ante a educación.

Así pois, o libro comprende unha parte cuantitativa (do capítulo I ao IV) e moi detallada da alfabetización e da implantación da rede escolar en Ourense, tanto pública como privada, para relacionala co establecido pola lei vixente. Estes datos ofrécense por concellos e partidos xudiciais, deste xeito, averiguouse que zona ourensá era a que contaba cunha maior oferta educativa para cotexala co grao da alfabetización da zona. Outro aspecto inédito foi o cálculo das distancias das escolas con respecto aos pobos que formaban o seu distrito, isto permitiu extrapolar os motivos do absentismo escolar. Os cadros estatísticos e gráficas que se amosan son numerosos e detallados coa finalidade de que o lector poida facer un seguimento numérico da evolución.

A outra parte (do capítulo V ao VII) céntrase nos aspectos cualitativos da escolaridade: os locais, a súa capacidade, mobiliario e o estado no que se atopaban e a quen competía mantelos; os investimentos que o Estado facía en Educación e, en concreto, en Ourense; a consideración dos docentes e como cumprían coa súa misión, e tamén sobre os aspectos curriculares, metodolóxicos, de recursos etc. Outro aspecto a destacar é a consideración que tiña a sociedade da educación e como esta non se manifestaba especialmente preocupada polas súas deficiencias estruturais.

O libro parte do interese de empregar unha linguaxe sinxela e coidada permitindo unha lectura fluída e comprensible a pesar da densidade de datos que se ofrece.

Os anexos son parte importante deste escrito pois ofrece unha numerosa información complementaria que, sen dúbida, permitirá que o lector poida profundar no tema.

Finalmente, cabe destacar o emprego de gran número de fontes de información que avala a investigación e que son de diversa índole: manuscritas como as Actas das Xunta Provinciais consultadas en diversos concellos de Ourense ou Sesións de Plenos de Concello; lexislativas do Boletín Provincial de Ourense entre os anos 1858 a 1926; estatísticas como Anuarios; censos; periodísticas da prensa da época...E, como base teórica, manexouse con detenemento, unha ampla bibliografía, algo que, sen dúbida, demostra que a autora tomou como referencia a recoñecidos expertos no tema educativo en Galicia.

Para concluír, poderíase dicir que este manual pode resultar moi interesante para aquelas persoas que se dediquen á investigación educativa podendo tomalo como

base para futuras investigacións e tamén docentes que teñan interese e curiosidade por achegarse á historia da educación de Ourense.

Na recomposición da Historia da Educación en Galicia, á que veñen contribuíndo diversos investigadores nas últimas décadas, existe xa un axeitado marco global nas obras de Narciso de Gabriel e Antón Costa, preferentemente, completado en cada nova investigación de ámbito xeográfico mais reducido, pero con novas achegas de datos, fontes e interpretacións, que nos permiten achegar mais claridade ao pasado da educación na Galicia contemporánea. Con este traballo de Rosa Cid Galante constátase o papel que unha provincia, eminentemente rural, xogou nos cambios educativos do primeiro terzo do século XX. Un rico movemento cultural, unha prensa dinámica e vangardista, unha intelectualidade que estaba ao corrente do que pasaba no mundo, e un maxisterio que apostou decididamente por formar parte dese movemento, rompendo o estigma tradicional de profesional con baixo salario e pobre formación, que bailaba ao ritmo dos caciques e forzas vivas provinciais e locais.

Antía CID RODRÍGUEZ
UDC



FERNANDO ÁLVAREZ-URÍA (2015):
El reconocimiento de la humanidad. España, Portugal y América Latina en la génesis de la modernidad. Madrid: Morata

Andan mal os tempos para o coñecemento, a escoita, a reflexión rigorosa, o coidado do común, o debate, a crítica argumentada, a conversa, a colaboración desinteresada, a espera; ingredientes fundamentais para aprender a poñernos no lugar das outras, para cuestionar as nosas tradicións cando xeran discriminación ou inxustiza, para a liberdade de pensamento. En definitiva, para cultivarmos a humanidade.

O pensamento dominante, presentándose como o único posible, di construírse á marxe de ideoloxías, aspira a poñer de moda o que Emilio Lledó ten nomeado como practiconería, e aliméntase con fortes doses de individualismo, competitividade, consumo superfluo, medo imaxinario e tamén da emotividade das descualifica-